



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO GROVE PARA A PRESENTACIÓN DA FESTA DO MARISCO 2017.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de O Grove o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de O Grove, para o apoio á presentación en Francia da LIV edición da Festa do Marisco. Este concello como entidade organizadora dos actos da festa vén desenvolvendo un labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

A promoción deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada á extraordinaria gastronomía deste país, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O concello de O Grove ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime





local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa do Marisco 2017.

A Festa do Marisco do Grove, que se celebra dende 1963 e cumpre este ano a súa LIV edición, foi unha das primeiras festas gastronómicas de Galicia. Este evento pon de relevo os piares básicos da economía deste pobo costeiro, o turismo, a pesca e o marisqueo. Durante a celebración da festa se dispoñen casetas de venda de mariscos e pescados a prezos populares.

A Festa do Marisco de O Grove é un evento de prestixio dedicado á degustación dos produtos do mar, especialmente o marisco e converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega. Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter os seus sinais de identidade e revitalizar e incrementar a súa repercusión turística e sitúase coma o evento máis adecuado para dar a coñecer a riqueza da gastronomía da nosa comunidade.

O seu atractivo turístico vén representado pola posibilidade de paladear os mellores mariscos galegos a prezos populares e nun gran recinto á beira do mar e do porto pesqueiro de O Grove.

Pola singularidade e especiais características, esta festa foi declarada de Interese Turístico Nacional por Resolución de 25 de marzo de 2013, da Secretaría de Estado de Turismo.

Segundo.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Terceiro.- Que non resulta posible a concorrencia competitiva, xa que o concello de O Grove é a única entidade organizadora do evento.





Cuarto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Quinto.- A través deste convenio, outórgase ao Concello de O Grove unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

